

PROTOCOLO CONTRA AS AGRESIÓNS MACHISTAS E LGBTFÓBICAS



Asemblea de Mulleres



Limiar

En moitas ocasións na nosa actividade militante atopamos unha contradición entre os nosos principios e o marco legal en que estamos inmersas, que se presenta nestes casos como unha rede de contención, unha ferramenta insuficiente perante a vontade de liberdade de quen configuramos a militancia política de Galiza Nova.

Esta contradición presenta por forza unha tensión sobre a aplicación deste protocolo. Porén, debe ser parte do noso compromiso militante acatar as decisións tomadas en base aos principios de Galiza Nova.

Neste documento, establécese o procedemento de actuación perante as situacións de violencia machista e LGBTfóbicas no seo da nosa organización respondendo aos nosos principios básicos. Galiza Nova como organización feminista e comprometida cos dereitos das persoas LGBT consideramos ambas dúas loitas como transversais da nosa teoría e praxe militante. Este espírito é precisamente a orixe deste protocolo: precisamos desterrar as violencias machistas e LGBTfóbicas da nosa organización protexendo e defendendo ás agredidas e dotando ao agresor, que deberá formar parte activa do proceso - sempre que haxa vontade de colaboración e que os actos non sexan dunha gravidade alta - das ferramentas a través das cales reeducarse, evitando reproducir no futuro as violencias cometidas no pasado após a superación da sanción imposta.

As violencias machistas e LGBTfóbicas atravesan a sociedade capitalista e patriarcal, sendo precisamente por iso que precisamos fornecernos de ferramentas para recoñecelas e combatelas. Como organización mixta precisamos xerar espazos para a reflexión para contribuír á erradicación destas condutas. Aínda así, sabemos que para erradicar completamente estas violencias é preciso un cambio de sistema económico e social.

Este protocolo é unha ferramenta máis que xurde da necesidade de autoeducarnos colectivamente como un primeiro paso para rachar coa educación patriarcal á que nos vemos sometidas, dentro e fóra. Tamén é unha ferramenta de autodefensa fronte a actitudes machistas e LGBTfóbicas.

A necesidade dos autocoidados e da militancia en espazos seguros constitúen a xustificación deste protocolo, que en ningún caso pretende suplir a necesidade da formación que como organización debemos proporcionar, tanto no eido LGBT como no feminista.

Como elementos guía para aplicación do presente protocolo teremos sempre en conta certas premisas:

-Nada xustifica unha agresión: nin as drogas, nin a vestimenta, nin outros elementos externos son probas para escusar á persoa agresora. Tampouco son motivos para exculpala o capital social, as contribucións á organización ou outras características do agresor.

-Os límites e percepcións de cada persoa non son cuestionábeis. Unha agresión pode sentirse de maneiras diversas.



-As nosas relacións sociais danse nun contexto capitalista e patriarcal, todas podemos exercer violencia nalgún momento, mais son aquelas de carácter machista e LGBTfóbico as que serán motivo de atención neste protocolo, pois prodúcese violencia sistémica e sistemática de cara ás mulleres e o colectivo LGBT, maioritariamente por parte dos homes que ocupan unha posición de privilexio e superioridade na nosa sociedade.

-O machismo e a LGBTfobia e as súas condutas asociadas, ao estar presentes na nosa sociedade, tamén o están entre as mulleres e o colectivo LGBT. Por isto, tendo en conta a Comisión de Investigación, cómpre remarcar o dereito da agredida tal e como se recolle no punto 11, a presentar unha alegación após a conclusión do procedemento se este resultara falido.

-O conxunto da organización debe comprometerse a non interferir ou boicotear as resolucións de dita Comisión, independentemente dos vínculos interpersoais, se os houber, coa persoa denunciada, que os leven a amosar o apoio implícito ou explícito durante a investigación e resolución do proceso.

-Rexeitamos a dicotomía capitalista e patriarcal do público-privado, polo que entendemos que o tratamento das agresións debe ser colectivo e non relegado a esferas particulares ou restrinxidas.

-O obxectivo principal na aplicación do protocolo é garantir a seguridade e benestar da persoa agredida. Ademais de procurar a reparación da agresión mediante a separación do agresor do espazo militante tamén cómpre afondar mediante a formación activa no recoñecemento das violencias e práctica feminista, involucrando o resto de homes da organización na prevención e xestión destas.

Procedemento

1. Introducción

As violencias patriarcais atravesan a sociedade e tamén as organizacións sociais e políticas transformadoras, que deben actuar para previlas, atendelas e erradicalas. No camiño para construír unha nova Galiza libre de violencias a XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova no marco doutras medidas, dótase tamén desta ferramenta co obxectivo de establecer un itinerario claro, garante e útil na actuación diante de violencias no seo da organización que complementa os mecanismos xa existentes e contribúa na construción dunha organización sen desigualdades nin violencias. Este Protocolo é independente das accións xudiciais que as persoas afectadas puideren emprender.

2. Actuacións de difusión e seguimento

Após a súa aprobación, alén da súa difusión coas teses políticas e organizativas da XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova, o Protocolo será enviado de forma singular a cada militante de Galiza Nova e será informado e explicado nas Asembleas Comarcais. Así mesmo, estará dispoñíbel na



páxina web e formará parte da información básica no proceso de afiliación, recordándose periodicamente nos organismos de participación e nas comunicacións internas.

A Comisión Permanente velará pola súa difusión e o seu seguimento formará parte dos informes de xestión elaborados pola Dirección Nacional.

3. Principios xerais comúns ao procedemento

- A protección e o benestar da persoa agredida así como o respecto á súa intimidade e vontade guiarán a aplicación do Protocolo.
- A imparcialidade e a procura da obxectividade e dun trato xusto ás persoas implicadas guiarán o procedemento.
- A celeridade e a dilixencia na aplicación do procedemento.
- A reparación da persoa agredida e a actuación para avanzar no camiño de atender e erradicar a violencia patriarcal.

4. Órgano instrutor cualificado

Tal e como se recolle no Art. 76 dos presentes Estatutos de Galiza Nova, o órgano instrutor cualificado será unha Comisión de Investigación escollida pola ANM e pola ANLGBT.

5. Acompañamento

A persoa agredida dunha agresión no seo da organización poderá solicitar acompañamento durante o proceso de denuncia e posterior dunha persoa da súa confianza.

6. Información e atención á persoa agredida

Garantirase a información á persoa agredida dos servizos externos á organización (psicolóxicos, xurídicos, médicos, sociais) dos que pode dispoñer.

A organización velará para facilitar á persoa agredida toda a atención profesional que precisar tomando as medidas necesarias de apoio.

7. Ámbito de aplicación

Este Protocolo é de aplicación a calquera militante da organización con ocasión da súa participación en actos de agresións machistas e LGBTfóbicas.

8. Actuación en caso de denuncia

Calquera das persoas que entren dentro do ámbito de aplicación deste Protocolo, que considere



que é ou foi vítima dunha agresión no seo da organización, poderá presentar denuncia perante a ANM e ANLGBT mediante un escrito dirixido a un dos dous correos electrónicos específicos (*assemblealgbt@galizanova.gal* ou *assembleamulleres@galizanova.gal*).

A denuncia deberá conter información suficiente sobre os feitos denunciados (persoas implicadas, feitos, lugar, data, testemuñas, etc...) que sirvan para desenvolver e concluír o procedemento.

No caso de denuncia por agresión machista ou LGBTfóbica perante calquera órgano administrativo ou xudicial a algunha das persoas mencionadas no ámbito de aplicación deste Protocolo, procederase de forma inmediata á suspensión provisoria de militancia á espera da resolución final da instancia que corresponder.

9. Inicio do procedemento

Unha vez recibida a denuncia polo órgano, o órgano instrutor á vista dos feitos denunciados pode adoptar algunha das seguintes decisións:

- a) Solicitar ampliación ou aclaración dos feitos, para o que no prazo máximo de 7 días deberá solicitar esa información á persoa denunciante así como a aquelas que xulgar necesario.
- b) Arquivar a denuncia, para o que elaborará un informe detallado xustificando con argumentos e probas o arquivo da denuncia.
- c) Incoar un expediente disciplinario.

10. Procedemento disciplinario

A apertura do expediente disciplinario comunicarase ás persoas interesadas, de forma fidedigna, por escrito, con indicación da conduta obxecto da apertura do expediente.

A persoa obxecto do expediente terá un prazo de mínimo 7 días e máximo 15 días para alegar o que considere conveniente e achegar cantas probas estimar oportuno; en caso de necesitar un período de práctica de proba, non poderá estenderse por un período superior a 7 días.

Poderanse solicitar entrevistas persoais coas persoas implicadas no procedemento para mellor esclarecemento dos feitos.

No caso de que o órgano instrutor o considerar necesario poderanse adoptar as medidas provisionais que se estimaren oportunas até a conclusión do procedemento co fin de garantir a protección dos dereitos da persoa agredida e evitar a súa vitimización.

11. Conclusión do procedemento

No caso de incoación de expediente disciplinario, unha vez rematado o procedemento, o órgano instrutor elaborará un informe coa proposta de resolución que será trasladado ás partes



interesadas que poderán formular de novo alegacións no prazo máximo de 7 días.

Finalizado este trámite, o órgano instrutor elevará a súa proposta de resolución á Comisión Permanente e a Dirección Nacional.

No caso de arquivo da denuncia, o informe elaborado trasladaráselle á persoa denunciante para que no prazo de 10 días formule as alegacións que considere oportunas.

12. Sancións

En función da gravidade dos actos cometidos e do que resulte do informe elaborado, o órgano instrutor na súa proposta de resolución poderá adoptar a sanción correspondente conforme aos Estatutos de Galiza Nova.

Disposición adicional. Interpretación e desenvolvemento

Este Protocolo, naquelas cuestións non abranguidas, poderá ser interpretado e desenvolvido polo Dirección Nacional por recomendación da Comisión de Garantías, da ANM e da ANLGBT e mandato da Comisión Permanente cando o seu desenvolvemento o precisar.